



CONDICIÓNS XERAIS DE PRÉSTAMO PARA A MOSTRA "CARTAS DE AMOR", PROPIEDAD DA SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA XUNTA DE GALICIA

1.- O Préstamo da Mostra "Cartas de Amor" está condicionado á aceptación e cumprimento por parte da entidade solicitante das seguintes condicións:

- a) A Mostra só poderá usarse para a finalidade solicitada e autorizada. Todo cambio de lugar e custodia da mesma requirirá o consentimento por escrito da Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.
- b) O período máximo de préstamo da Mostra é dun mes.
- c) Transcorrido o período de préstamo, a Mostra reintegrarase ao lugar indicado pola Secretaría xeral da Igualdade nun prazo máximo de sete días naturais. Se a entidade prestataria indicara a necesidade dunha prórroga, deberá manifestalo por escrito unha semana antes da expiración do préstamo, sendo discrecional a concesión da prórroga.
- d) Todos os gastos derivados do préstamo (traslado, montaxe, retorno, etc) serán por conta da entidade prestataria.
- e) A entidade prestataria da Mostra será responsable do estado de conservación de todas as partes que forman a Mostra, estando obrigada a adoptar as máxima precaucións para a súa protección e seguridade, especialmente para evitar posibles deterioracións
- f) Se se realizaran actividades de difusión e/ou publicidade da Mostra durante o prazo de préstamo temporal, nestas farase constar expresamente a identificación da mesma e a a súa pertenza á Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

2.- O incumprimento das condicións do préstamo determinará a obriga da entidade prestataria de devolución anticipada da Mostra, o que lle será requirido por escrito pola Secretaría xeral da Igualdade da Xunta de Galicia.

ENVÍO DA SOLICITUDE

A solicitude enviarase á Secretaría xeral da Igualdade por calquera dos seguintes medios:

1. Por **correo electrónico** a vx.igualdade@xunta.es, indicando no asunto "*Solicitud Cartas de Amor*".
2. Por **fax** ao **981 541919**.
3. Ou ben, por **correo ordinario** ao seguinte enderezo:

Subdirección Xeral para o Tratamento da Violencia de Xénero
Secretaría Xeral da Igualdade
Presidencia da Xunta de Galicia
Edificio Adtvo. San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela

Para calquera información ao respecto, poden chamar ao **981 957699**.